



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do Concello

DATA: 8 de outubro do 2012.

HORA DE COMEZO: 13.30 horas

HORA DE REMATE: 13.50 horas.

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Antonio González Barral
Dona María Dolores García Couto
Dona Sonia Rodríguez Midón
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Dona Raquel García Fraga
Dona Adela Redondo Rendo
Don Xabier Canabal Fernández
Don David Paulino Calvelo Otero

AUSENTES:

Don Adolfo Gacio Vázquez

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde en funcións don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión extraordinaria do Pleno que foi convocado cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación actas anteriores**
- 2. Elección novo Alcalde – Presidente do Concello de Boqueixón.**
- 3. Xuramento ou promesa do Alcalde**
- 4. Acta de arqueo e inventario municipal**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación das actas anteriores.

Co voto a favor de todos os presentes apróbanse as actas das dúas sesións que tiveron lugar o día 26 de setembro de 2012.

2.Elección novo Alcalde – Presidente do Concello de Boqueixón.

Tras a renuncia de don Adolfo Gacio Vázquez procédese á elección do novo alcalde do Concello de Boqueixón.

Nesta mesma data presentan escritos de renuncia a ser proclamados candidatos á alcaldía os números dous, tres, catro e cinco da lista do Partido Popular, polo que é o número seis, don Jesús Sanjuás Mera, o candidato á alcaldía polo Partido Popular.

Así mesmo, son candidatos don David Paulino Calvelo Otero, do PS de G, e don Xabier Canabal Fernández, actualmente non adscrito.

O señor Canabal pregunta si se debe xurar o cargo, ao que responde a secretaria – interventora que o novo alcalde que saia elixido, sí debe xurar ou prometer o cargo de alcalde.

O señor Canabal di que considera todo isto unha farsa e por elo abandona a sesión plenaria.

Procédese coa votación para a proclamación do alcalde. O señor Calvelo obtén un voto e o señor Sanjuás Mera obtén oito votos, sendo polo tanto, por maioría absoluta, proclamado alcalde do Concello de Boqueixón.

3.Xuramento ou promesa do Alcalde

Inmediatamente o Concelleiro que resulta elixido como Alcalde deste concello, don Jesús Sanjuás Mera, integrado na lista do Partido Popular, previo xuramento, toma posesión do seu cargo neste mesmo acto, pasando a ocupar a alcaldía.

4.Acta de arqueo e inventario municipal

A continuación a secretaria – interventora le a acta de arqueo redactada con motivo do nomeamento do alcalde, acompañada de todos os documentos que xustifican as existencias en metálico da corporación, depositados na caixa municipal e en entidades bancarias, así como a documentación relativa ao inventario do patrimonio municipal, e do que os resumes son os seguintes:

“Acta de arqueo extraordinario con motivo da elección de novo alcalde:

Existencia en entidades bancarias a 30/09/2012-----66.265,82 €

Inventario do patrimonio municipal:

Propiedades e dereitos (activo) a 30/09/2012-----18.748.873,06 €

Préstamos e gravames (pasivo) a 30/09/2012:

Un coa entidade Novagalicia Banco ó 31/12/2008 por importe de 1.000.000,00 €, con vencemento o 01/01/2029, e cun saldo pendente a 30/09/2012 de----916.666,66 €.

Diferencia (patrimonio líquido)-----17.832.206,40 €”

Finalmente o novo Alcalde, don Jesús Sanjuás Mera di o seguinte:

“Benqueridos compañeiros da Corporación Municipal de Boqueixón, señoras e señores:

As miñas primeiras palabras teñen que ser de gratitude cara todos os que me axudaron para que hoxe poida ser o alcalde de Boqueixón: Á miña familia, aos meus amigos, aos veciños de Boqueixón.

Gracias, en especial, ao apoio dos meus compañeiros do Grupo Municipal Popular, do que fun portavoz durante os últimos catro anos.

Gracias tamén á figura de Adolfo Gacio.

Faise difícil que me poida dirixir a él sen chamarlle Alcalde, xa que eu fun o seu Concelleiro e o seu Tenente de Alcalde durante os últimos 25 anos.

Debemos recordar que sen Adolfo Gacio sería imposible recoñecer o Boqueixón de hoxe.

Durante os últimos 21 anos, Adolfo traballou arreo para facer de Boqueixón un dos mellores concellos do rural galego.

Á vista de todos está o noso nivel de infraestruturas, e a calidade dos nosos servizos públicos, que xa quixeran por si outros municipios do arredor.

Pero ademais, este traballo veuse acompañado polo recoñecemento dos veciños ao proxecto político do Partido Popular, xa que en todas as eleccións o apoio dos votantes foi verdadeiramente maioritario.

Este éxito foi posible gracias á unidade e ao traballo en común da gran familia do Partido Popular de Boqueixón.

O meu reto persoal está en que esta unidade se siga mantendo.

Por iso quero deixar moi claro que, igual que facía Adolfo cando era alcalde, seguirei contando coa opinión e coa colaboración de todos os militantes e simpatizantes do Partido Popular.

E todo isto sen deixar de tender a man para chegar a acordos cos membros da nosa oposición municipal.

Son consciente de que chego á alcaldía cunha misión case imposible: substituír a Adolfo Gacio.

Un alcalde que deixou de selo por vontade propia, e por non facer dano político ao Partido Popular.

Estou convencido de que a decisión que tomou Adolfo, a pesar de que foi coherente no político e asumible no persoal; tamén foi inxusta e antidemocrática.

Inxusta, xa que estou convencido da total inocencia de Adolfo Gacio.

A partir de hoxe asumo como propia a xestión dos últimos anos.

O meu compromiso é traballar na mesma dirección. Con responsabilidade. Con eficacia. Con humildade. Con transparencia.

Tratarei de facer as cousas ben, seguindo o modelo que se viña empregando ata o de agora no concello:

Mirarei por ampliar as infraestruturas, sobre todo para dotar de sumidoiros a aqueles poucos núcleos que inda non o teñen.

Seguirei traballando por manter en perfecto estado as pistas e camiños, aglomerando as que se poidan

Tratarei de continuar a dignidade no uso dos equipamentos socio culturais e deportivos das nosas parroquias

Defenderei o mantemento de todos e cada un dos servizos públicos de calidade que prestan os traballadores do concello e dos que disfrutamos os veciños de Boqueixón.

Todo este traballo fareino coa máxima prudencia orzamentaria, como se ven facendo nos últimos anos.

Con seriedade nas contas e rigor no gasto.

Con austeridade e sobre todo, con honestidade e transparencia

Non me queda máis que volver a dar as gracias: á miña familia, á corporación municipal, aos meus compañeiros do Partido Popular e a todos os veciños e veciñas de Boqueixón.

Traballarei para tratar de non decepcionar a ninguén.

Moitas gracias.

Sen máis, asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

Vº e Pr.

A Secretaria

O Alcalde